

Deporte de Orientación

CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR 2012

LUGO, 27 de marzo de 2012, 10:30 h

Concentración: *Pistas de Atletismo da Cidade Cultural*

Competición: *Costas do Parque Rosalía de Castro*

<http://www.deportegalego.es/>

[http:// www.clubfluviallugo.com](http://www.clubfluviallugo.com)

<http://deporteescolarlugo.blogspot.com/>

[http:// www.agaco.es/](http://www.agaco.es/)



CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR 2012

Deporte de Orientación

Martes, 27 de marzo de 2012, 10:30 h

¡PROBA IMPORTANTE PARA FACER A SELECCIÓN DE GALICIA ESCOLAR 2012, QUE PARTICIPARÁ NO CAMPIONATO DE ESPAÑA ESCOLAR QUE SE CELEBRARÁ EN SANTANDER entre o 27-abril e o 1-maio!.



Organizan

Club Fluvial de Lugo (sección de Deporte de Orientación)

Asociación Galega de Clubs de Orientación (AGaCO)

Federación Española de Orientación (FEDO)

Patrocina

*Secretaría Xeral para o Deporte.
Xunta de Galicia*

Colabora

Concellería de Deportes. Concello de Lugo

PROGRAMA:

Martes, 27 de marzo (na zona de concentración).

9:00-10:30 h. Recepción e control de participantes.

11:00 h. Saída dos primeiros corredores.

13:30 h. Entrega de trofeos, e clausura.

INSCRICIÓNS: Data límite: xoves, 22 de marzo, 22 h

As inscricións as fará o coordinador-seleccionador de cada provincia. Cubrirá debidamente o formulario oficial, e o enviará por e-mail a mofrapi@live.com.

O número máximo de participantes por provincia é de 15 en cada unha das catro categorías de competición.

ZONA DE COMPETICIÓN e MAPA:

A ZC é nas costas do Parque Rosalía de Castro da cidade de Lugo, coa zona de concentración nas Pistas de Atletismo da Cidade Cultural, a unhas 150 m do Parque. Non estará sinalizado o seu acceso. Os autobuses deixarán ós escolares na Avenida Dr. García Portela, ó lado do Parque, e irán a aparcar ó lado do Pavillón Municipal dos Deportes.

O mapa foi elaborado según normas IOF por Javier Arufe en febreiro de 2012. O terreo é despexado, con arboledas, edificacións, muros, xardíns, e outros elementos típicos de parque urbano e semiurbano. Escala 1:2000.

CATEGORÍAS ESCOLARES:

- INFANTIL FEMININO: nacidas no 1998 -99
- INFANTIL MASCULINO: nacidos no 1998 - 99
- CADETE FEMININO: nacidas no 1996 - 97
- CADETE MASCULINO: nacidos no 1996 - 97

TROFEOS:

- Trofeos ós tres primeiros clasificados en cada categoría.

OUTRAS INFORMACIÓN: (646084178 // 600940240)

- ¡¡!! TÓDALAS CATEGORÍAS USARÁN O SISTEMA DE PINZA DE CONTROL MANUAL.
- A tarxeta de control irá impresa no mapa de cada participante.
- Non haberá descrición de controis.
- O nº de cada baliza irá no mapa ó lado do seu nº de orde de paso, separada por un guión.
- O mapa daráse a cada participante no momento da súa saída.
- As distancias dos percorridos variarán entre 1500 e 3000 m. O nº de controis variará entre 15 e 20.
- Seguridade: os trazados dos percorridos están pensados para evitar zonas perigosas para os participantes. En todo caso, convén que extremen a precaución.
- Haberá unha Ambulancia na zona.
- Haberá (*bocadillo+bebida*) ó final da proba para os participantes.
- Non se usará dorsal.
- Vestiarios e duchas na zona de concentración.

ALGUNHAS NORMAS:

- Os participantes entrarán na zona de concentración antes das 10:30 h, donde estarán ata a súa saída. Ó remate do seu percorrido e paso por meta, volverán para a ZC.
- É recomendable que os participantes compitan con roupa lixeira. E teñan roupa para cambiarse ó rematar.
- O participante pode levar como instrumento de orientación e medida só o seu compás.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. ¡Olo ó código da baliza!
- Non está permitido falar nin seguir a outros corredores, pois é unha carreira individual.
- Haberá observadores comprobando que se cumpren tódalas normas.
- Todas as persoas que toman parte nunha carreira de orientación deben amosar respecto cara ós outros participantes, organizadores e espectadores.
- Todo competidor debe prestarlle axuda a un corredor se o ve lesionado.
- O corredor debe respetar a sinalización da carreira e as balizas-control.
- A perda do mapa, da pegatina identificativa, ou o non paso por tódolos controis será motivo de descalificación.
- **É obrigatorio pasar pola meta, aínda que se produza o abandono.**
- O corredor debe respetar a propiedade privada, o mobiliario urbano e non pasar por zonas prohibidas.
- Tanto organizadores como competidores están obrigados a respetar o medio natural.
- Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da AGaCO, FEDO e IOF. O xurado técnico estará constituído polos seleccionadores de cada provincia e un membro da organización.

Organizan:



Patrocina:




Colabora:



Deporte de Orientación

Martes, 27 de marzo de 2012, 10:30 h

MAPA PARCIAL DA ZONA DE COMPETICIÓN



11

12

13

14

15

16

17

18

19

CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR 2012

Deporte de Orientación

ZONA DE CONCENTRACIÓN

(os participantes baixarán dos seus autobuses na Avenida Dr. García Portela, a 150 m das pistas de atletismo da Cidade Cultural)

